



CRITERIOS DE SELECCIÓN DO PROFESORADO CANDIDATO EN CADA CENTRO

8.1 Antigüidade no centro (máximo 5 puntos).

- Con data de destino definitivo anterior ao curso 2011-2012; 5 puntos.
- Con data de destino definitivo comprendida entre o curso 2016-2017 e 2011-2012; 3 puntos.
- Con data de destino provisional anterior ao curso 2011-2012; 3 puntos.
- Con data de destino provisional comprendida entre o curso 2016-2017 e 2011-2012; 1 punto.

8.2 Competencias lingüísticas, adecuadas ao curso, no idioma do país de acollida ou idioma de traballo, en caso de que sexa diferente a do país de acollida (máximo 5 puntos).

A valoración das competencias lingüísticas farase tendo en conta as seguintes variables:

- Para os cursos de formación en lingua inglesa valorarase con 5 puntos ter acadado o nivel xusto inferior ao adquirido coa referida formación e con 3 puntos o seguinte nivel.
- Para o resto dos cursos valorarase con 5 puntos ter o nivel C1 ou C2, e con 3 puntos ter o nivel B1 ou B2.
- O nivel de competencia lingüística determinarase mediante certificación de competencia lingüística. No caso de non dispor de certificación poderán realizarse probas no mesmo centro.

8.3 Competencias persoais e actitudes (máximo 3 puntos).

Esta valoración farase tendo en conta a opinión do equipo directivo do centro sobre a idoneidade do profesorado para aplicar no centro a formación recibida.

8.4 No caso de empate nos méritos, resolverase por sorteo.